



**PREGO DE CONDICIÓNNS QUE REXIRÁN A VENDA EN PRIMEIRA, SEGUNDA Y TERCEIRA POXA A ALZA, MEDIANTE O PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS EN SOBRE PECHADO CON APERTURA EN ACTO PÚBLICO, DA Embarcación PATRULLEIRA "Serra Barbanza"**

De conformidade co disposto no artigo 79 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, en diante LPG, e unha vez ditado o Acordo de inicio do procedemento de venda, previa aprobación da taxación correspondente, se sacará á venda en primeira, segunda y terceira poxa pública, mediante o procedemento de presentación de ofertas en sobre pechado, o ben da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que máis adiante se describe, con suxeición ás seguintes:

**CLÁUSULAS**

**1. DESCRICIÓN DO BEN OBJETO DA POXA**

Embarcación patrulleira "Serra Barbanza", NIB 31137 matriculada na 8ª lista dos buques e embarcacións de organismos públicos.

Como ANEXO IV deste prego xúntase informe coa descrición detallada do ben obxecto da poxa, así como do seu estado de conservación.

A participación na poxa significa que o licitador coñece e acepta o estado do ben no momento da súa celebración, así como a aceptación do presente prego en todos os seus termos.

**2. TIPO DE LICITACIÓN E GARANTÍA.**

**Para a embarcación "Serra Barbanza", con matrícula: 8ªVI-5-2-91**

- ✓ O tipo de licitación en primeira convocatoria será de : DEZ MIL EUROS (10.000,00€).
- ✓ O tipo de licitación en segunda convocatoria será de: OITO MIL CINCOCENTOS EUROS (8.500,00 €)
- ✓ O tipo de licitación en terceira convocatoria será de : SETE MIL EUROS (7.000,00€)
- ✓ O importe da garantía será do 20% do correspondente tipo de licitación

**3. NORMATIVA APLICABLE.**

Esta poxa rexeráse pola Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, en diante LPG, o Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o Regulamento da lei 3/85, do 12 de abril do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, en diante RLPG, así como pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Supletoriamente, no que non estea disposto nestas normas, será de aplicación a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do

Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

#### 4. USO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS.

De acordo coas previsións establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións e comunicacións derivadas do procedemento de adjudicación deste contrato practicaranse por medios exclusivamente electrónicos

Neste contexto, todas as notificacións do órgano de contratación se realizarán a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal - dispoñible a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos de posta a disposición das próximas notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na oferta para os efectos de notificación. Para estes efectos, os licitadores deberán completar a súa alta no sistema Notifica.gal indicando un enderezo de correo electrónico e/ou móbil no que recibirán os avisos da posta a disposición. No caso de non dispoñer desa información, faranse as notificacións sen poder enviarlle ningún aviso.

Así mesmo, para os efectos das notificacións que se practiquen neste expediente, os licitadores deberán facilitar os seus datos no modelo de declaración responsable que figura como anexo II de este prego.

Os prazos a contar dende a notificación computaranse dende a data do seu envío ou do aviso de notificación, se fose mediante comparecencia electrónica.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, farase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### 5. PUBLICIDADE

Esta poxa anunciarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web : <https://mar.xunta.gal/gl/conselleria/transparencia-e-goberno-aberto/poxas-publicas-de-bens-mobles-patrimoniais> cunha antelación mínima de vinte días á data sinalada para a súa celebración, debendo constar:

1. Natureza dos bens a allear, con expresión das circunstancias físicas e xurídicas que permitan a súa identificación, e mención da súa condición de ben de dominio privado da administración.
2. Día, hora e lugar da apertura pública das ofertas.
3. Composición da Mesa da poxa.
4. Cantidades que servirán de tipo para a poxa.
5. O prazo, forma e lugar en que deben presentarse as ofertas.

## 6. PARTICIPACIÓN NA POXA

Poderán tomar parte na poxa, de conformidade co artigo 67 do RLPG, todas aquelas persoas que teñan capacidade para contratar e, en particular, para celebrar o contrato de compravenda, segundo as normas contidas no Código Civil.

Non poderán participar as persoas que solicitaran ou estean declaradas en concurso, foran declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas á intervención xudicial ou foran inhabilitadas conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, así como as que incorreran nos supostos previstos na normativa sobre incompatibilidades. Os participantes deberán presentar unha declaración responsable de acordo co ANEXO II deste prego.

Ademais, non poderán ser adquirentes:

- a) Os empregados públicos da Consellería do Mar respecto dos bens en cuxa administración interviñeran
- b) Os taxadores, respecto dos bens incluídos na poxa, se interviron na súa taxación.
- c) En xeral, quen se atope incluído en calquera dos supostos do artigo 1.459 do Código Civil.

De conformidade co disposto no artigo 67.2 do RPG, os participantes deberán constituír unha garantía do 20% do tipo de licitación da convocatoria na que desexen participar. Esta garantía deberá constituírse en calquera das formas que establece o artigo 108 da Lei de Contratos do Sector Público. En ningún caso a constitución da garantía lle outorgará ó licitador dereito para a venda. Este depósito devolveráselle a quen non resulte adxudicatario.

## 7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS.

### a) Forma e contido das proposicións.

Para tomar parte na poxa obxecto deste prego, os interesados presentarán escrito, como o modelo incorporado ao presente prego como ANEXO I, no que se recollerá a data e hora de entrada no correspondente rexistro.

O dito escrito acompañarase de dous (2) sobres independentes, pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, debendo figurar no exterior de cada un deles:

- ✓ O nome e apelidos ou razón social do licitador e o seu correspondente número de DNI o NIF.
- ✓ O nome da poxa que figura no apartado primeiro deste prego
- ✓ A denominación do sobre de que se trate, segundo se indica a continuación.  
En caso de licitar a varios lotes, poderá presentarse un único sobre A para todos os lotes, pero deberá presentarse un sobre B para cada lote e convocatoria aos que se licite.

### SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Deberá presentarse pechado e asinado, sinalando en lugar visible que contén a “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA” cos documentos que se relacionan seguidamente:

### 1) Acreditación da capacidade de obrar.

a) Se o licitador fose persoa física presentará, según os casos, o DNI ou documento que o substitúa regulamentariamente, en copia que teña o carácter de auténtica conforme á lexislación vixente, ou fotocopia cotexada por funcionario habilitado.

Se o licitador fose persoa física poderá comparecer por si mesmo ou mediante representante, nos termos establecidos polo artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, debendo presentar, neste caso, o poder notarial do que resulten as facultades representativas.

b) Se o licitador fose persoa xurídica deberá presentar:

- Fotocopia cotexada do Número de Identificación Fiscal (NIF)
- Documento orixinal, copia auténtica ou lexitimada, ou fotocopia cotexada da escritura de constitución e de modificación, de ser o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Senon o é, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se fose o caso, no correspondente rexistro oficial que sexa preceptivo.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte do asinante da oferta económica.
- Documento orixinal, copia auténtica ou lexitimada ou fotocopia cotexada da escritura de apoderamento do que asina, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, se este requisito fose esixible.

Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, presentase o correspondente documento no que conste que o poder é declarado bastante por letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, no caso de que actuara en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

c) Cando se trate de persoa xurídica non española e nacional dun Estado membro da Unión Europea ou sinatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditará a súa capacidade de obrar mediante a súa inscrición no Rexistro procedente, de acordo ca lexislación do Estado onde está establecido, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos establecidos no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Cando se trate de persoa xurídica extranxeira non comprendida no parágrafo anterior, a capacidade de obrar acreditarase mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar de domicilio da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúen habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

### 2) Garantía

Deberase presentar o xustificante de ter constituída a garantía coas condicións e requisitos establecidos na cláusula sexta deste prego. En concreto, o xustificante de ter depositada a garantía na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda e Administracións Públicas ou Delegacións provinciais da ATRIGA), a favor do órgano de contratación.

### **3) Declaración responsable**

Conforme ao modelo incorporado como ANEXO II, deberá presentarse declaración responsable de non incorrer nos supostos de incapacidade sinalados na cláusula sexta deste prego. Esta declaración deberá ser formalizada en data igual ou posterior á publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

### **4) Xurisdición de licitadores estranxeiros.**

Declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, e é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador.

Así mesmo, segundo o disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, no segundo parágrafo, os licitadores non estarán obrigados a aportar documentos que foran elaborados por calquera administración sempre que expresen o seu consentimento a que sexan consultados ou obtidos polo órgano tramitador, entendéndose que a dita consulta ou obtención está autorizada sempre pola persoa interesada agás que manifeste a súa oposición expresa.

Polo anteriormente exposto, e agás oposición expresa que deberá comunicar a este órgano de contratación na documentación da súa oferta quedará exento do deber de presentar a documentación requirida que a continuación se relaciona:

- NIF da persoa física o xurídica
- NIF da persoa representante

## **SOBRE B : OFERTA ECONÓMICA**

Cada licitador poderá presentar en sobre pechado unha única oferta económica. No exterior do sobre, ademais dos datos requiridos no apartado 7.a) deste prego, indicarase expresamente se se concorre a:

- Primeira Convocatoria
- Segunda Convocatoria
- Terceira Convocatoria.

Cada oferta económica axustarase ao modelo que para cada convocatoria se inclúe como ANEXO III deste prego e necesariamente deberá remitirse asinado.

**b) Lugar e prazo de presentación:**

As proposicións presentaranse no prazo de vinte días naturais a contar dende o día seguinte á data de publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Os sobres entregaranse na Oficina do Rexistro Xeral e Información á Cidadanía da Xunta de Galicia, situada Xeral Técnica da Consellería do Mar. As oficinas receptoras darán recibo de cada proposición ao presentador, no que constará o nome do licitador, a denominación da poxa e o día e hora da presentación. Unha vez entregada a proposición no rexistro, non poderá ser retirada.

Como alternativa á presentación no rexistro, os licitadores poderán enviar as proposicións por correo. Neste caso, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de Correos prestadora do servizo postal universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante correo electrónico a [licitacion.mar@xunta.gal](mailto:licitacion.mar@xunta.gal), no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data en que finalizou o prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, sin embargo, os dez días naturais seguintes á data indicada sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez remitida a proposición por correo, non poderá ser retirada.

**c) Admisión de ofertas:**

Cada interesado poderá presentar unha única oferta por convocatoria. Non se admitirán ofertas por debaixo do tipo de licitación fixado para cada convocatoria. A oferta non poderá ser mellorada.

Non se admitirán as ofertas presentadas en calidade de cesión a terceiros, nin as que non reúnan os requisitos sinalados nesta cláusula ou que non se axusten aos modelos descritos nos Anexos que se acompañan a este pego de condicións.

**8. EXPOSICIÓN DO BEN.**

O ben obxecto desta poxa poderá ser examinado polas persoas interesadas, para o cal deberán dirixirse a:

- Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia
- Correo electrónico: [lino.sexto.bermudez@xunta.gal](mailto:lino.sexto.bermudez@xunta.gal)
- tfno: SALA DE OPERACIÓNS: 981 54 40 70

Na valoración da embarcación tívose en conta a súa antigüidade e o seu estado actual, o que xustifica, polo tanto, que os adxudicatarios non poderán reclamar ningún tipo de responsabilidade ou compensación económica como consecuencia dos defectos actuais do ben, que poderán ser coñecidos con anterioridade polos interesados examinándoos durante os días de exposición.

**9. CONSTITUCIÓN DA MESA.**



Para a adxudicación da poxa existirá unha Mesa da poxa. A Mesa da poxa estará integrada por:

- Presidente: Subdirector/a Xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación.
- Vogais: Subdirector/a Xeral de Gardacostas de Galicia  
Un/unha letrado/a da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.  
O/a interventor/a delegado/a na Consellería do Mar.
- Secretario: O/a xefe/a do servizo de Contratación e Réxime Patrimonial que actuará con voz e voto.

#### **10. CALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN**

No prazo dos cinco días hábiles seguintes á conclusión do prazo de admisión das ofertas, constituirase a Mesa da poxa para examinar e cualificar a documentación administrativa recollida no sobre A que cumpra os requisitos recollidos na cláusula sétima deste prego, dando conta do resultado no posterior acto público de apertura de proposicións, que se regula na seguinte cláusula.

No caso de que houber defectos ou omisións emendables na documentación, outorgarase un prazo de 3 días hábiles para corrixislos ou emendalos.

Se se apreciaren defectos incorríveis na documentación presentada no sobre A, ou non se emendan debidamente os defectos ou omisións emendables, acordarase a exclusión do licitador ou licitadores que incorreran nestes defectos.

#### **11. APERTURA DE OFERTAS.**

O acto público de apertura de sobres pola Mesa farase no lugar, día e hora indicados no anuncio.

O Presidente da Mesa dará lectura dos licitadores admitidos e excluídos da poxa e procederá á apertura das ofertas admitidas para a primeira convocatoria contidas no sobre B presentado por cada licitador, e declarará mellor oferta a do licitador que formulara a oferta máis elevada, sempre que esta sexa igual ou superior ao tipo de licitación fixado nestes pregos.

Se existise un empate entre as mellores ofertas, a adxudicación recaerá sobre o primeiro que presentara a súa oferta, para o cal se atenderá a data e hora de entrada no rexistro sinalado na convocatoria (ou data de imposición na oficina de correos).

No suposto de que non concorresen licitadores á primeira convocatoria, ou que as súas ofertas se declararan inadmisibles, no seu momento; o mesmo día se celebrará, sen solución de continuidade, unha segunda convocatoria, cunha rebaixa do 15% no tipo de licitación inicialmente fixado, procedéndose neste acto á apertura das ofertas económicas (sobre B) recibidas para a segunda convocatoria desta licitación. A continuación, a Mesa declarará mellor adxudicatario oferta a do licitador que formulase a oferta máis elevada nesta segunda convocatoria, sempre que esta sexa igual ou superior ao tipo de licitación fixado neste prego.

No caso de que non concorresen licitadores á segunda convocatoria, ou que as súas ofertas se declararan inadmisibles, no seu momento; o mesmo día se celebrará, sen solución de continuidade, unha terceira convocatoria, procedendo do mesmo modo que no parágrafo anterior.

#### **12. ADXUDICACIÓN DOS BENS.**

Do resultado das actuacións indicadas no apartado anterior estenderase acta na que constará, así mesmo, a correspondente proposta de adxudicación. A proposta da adxudicación efectuada pola Mesa non crea dereito a favor do postor en tanto non se adxudicara por acordo do órgano competente.

A secretaria xeral técnica, por delegación da conselleira do Mar (Orde de delegación de competencias do 08.09.2017, publicada no DOG nº 180, do 21 de setembro), acordará a adxudicación da poxa de acordo coa proposta da Mesa, excepto cando se realizara con infracción do ordenamento xurídico, quedando neste caso sen efecto a proposta. Exceptúase o suposto de que a infracción afecte exclusivamente ao postor a favor do cal se realizara a proposta, no que a adxudicación recaerá en favor do seguinte mellor postor.

Se o adxudicatario renunciara á adxudicación ou non atendera ás obrigas que lle corresponden, perderá o depósito constituído en concepto de garantía, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas que orixinara.

Na resolución de adxudicación disporase que sexan devoltas as garantías provisionais depositadas, se é o caso, polos participantes na licitación, excepto ao que resultara adxudicatario; neste último caso non se procederá á devolución en tanto non realice o ingreso do prezo de adxudicación.

### **13. NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN.**

O acordo de adxudicación notificaráselles aos licitadores e publicaranse na páxina web indicada na cláusula 5 deste prego.

A notificación ao adxudicatario indicará o importe que o adxudicatario debe constituír como prezo de adxudicación, o prazo e a forma para o seu abono, así como o importe dos gastos de publicidade, o prazo e a forma para o seu abono.

En todo caso, o pago do prezo do ben deberá realizarse no prazo de quince días hábiles a partir da notificación da adxudicación, indicándolle que, de non facelo, decaerá no seu dereito, con perda da cantidade que consignara en concepto de garantía, sen prexuízo do resarcimento á Administración, dos posibles prexuízos que a esta lle causara a ineficacia da adxudicación.

Neste suposto adxudicaráselle o ben ao segundo mellor licitador, sempre que a súa oferta fose igual ou superior ao tipo de licitación fixado nos pregos para cada convocatoria, e así sucesivamente. No suposto de non existir máis ofertas, declararse motivadamente a poxa como deserta.

Excepcionalmente, o prazo de quince días poderá ampliarse de forma motivada.

Transcorrido un mes dende a celebración da poxa sen recibir ningunha notificación, o licitador que o desexe poderá requirir por escrito, en calquera momento, a retirada da súa proposición e a devolución ou cancelación da garantía, ao que procederá obrigatoriamente a Administración.

### **14. OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.**

A totalidade dos gastos producidos con motivo da poxa e os necesarios para formalizar a venda correrán a cargo do adxudicatario do ben.



O adxudicatario deberá cumprir coas obrigas tributarias relacionadas coa transmisión da propiedade dos bens adxudicados.

O adxudicatario deberá cumprimentar as formalidades vixentes para formalizar o cambio de titularidade da embarcación, incluída a súa inscrición no Rexistro de Buques da Dirección General de la Marina Mercante, se resultara preciso, sendo ao seu cargo as taxas derivadas de dito cambio, así como, se é o caso, as da nova matriculación.

#### **15. OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN.**

A transmisión entenderse perfeccionada no momento da entrega da embarcación ao adxudicatario correspondente.

Dentro do prazo de quince días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel no que se acredite ter efectuado o abono do prezo e demais gastos, procederase á entrega do ben obxecto da poxa, excepto que por mutuo acordo a entrega do ben se pactara nun prazo menor ou maior. Neste suposto, os riscos de deterioro ou destrución da embarcación serán a conta do adxudicatario a partir do transcurso de dito prazo.

No caso de que a Consellería do Mar aceptara que o barco fose retirado nun prazo maior, todos os gastos en que poida incurrir a embarcación (depósito, custodia, etc.) serán a cargo do adxudicatario, con independencia do momento en que se realicen os trámites rexistrais e de matriculación.

Se transcorrese este prazo e o adxudicatario non retirase o ben adxudicado, deberá abonar os gastos de depósito e custodia da embarcación a razón de 20 euros diarios.

O adxudicatario só poderá facer cesión a terceiros do ben adquirido na poxa tras cumprir cos correspondentes trámites de rexistro do ben adxudicado ao seu nome.

#### **16. POXA DECLARADA DESERTA.**

Se nas tres convocatorias da poxa non resultara adxudicatario, a secretaria xeral técnica (Orde de delegación de competencias do 08.09.2017, publicada no DOG nº 180, do 21 de setembro) determinará se queda aberta a poxa por un prazo de tres meses, ou se desiste da venda.

No caso de que se acorde desistir da venda, poderá acordarse a destrución, inutilización ou abandono do ben, de acordo co enunciado no artigo 143.3 da Lei 33/2003 d 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Se se decide que a poxa quede aberta por un prazo de tres meses a partir do correspondente anuncio, calquera interesado poderá presentar unha proposta de compra por escrito e polo prezo que o interesado determine. A proposta de compra deberá recoller o nome, DNI, enderezo, dirección de correo e teléfono de contacto, e deberá ir acompañado o xustificante acreditativo do depósito na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia do 25% do prezo ofertado.

A documentación deberá presentarse en sobre pechado, no Rexistro Único da Xunta de Galicia (Edificio Administrativo San Caetano) con indicación no seu exterior, no anverso "Venda da patrulleira "Serra Barbanza", dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, e o reverso a identificación do ofertante.

Serán rexeitadas as propostas presentadas fóra de prazo e as que non veñan acompañadas do xustificante da Caixa Xeral de Depósitos e aquelas con condicións, que de xeito claro non permitan determinar a oferta de compra.

Transcorrido o prazo, procederase a abrir as ofertas e a anunciar unha nova poxa pública establecendo como tipo de licitación a mellor oferta presentada. Con anterioridade á poxa, procederase á devolución dos depósitos constituídos para garantir as ofertas de cantidades inferiores á que sirva de tipo para a nova poxa.

A proposición que sirva de tipo para a poxa producirá plenos efectos aínda que o postor non compareza no acto de celebración da mesma, polo que se o ben lle fora adjudicado, perderá o depósito en caso de que non efectuara o pago do prezo total dentro do prazo establecido no apartado 13 deste prego.

A Secretaría Xeral Técnica, a proposta da Subdirección Xeral de Coordinación Orzamentaria e Contratación, acordará discrecionalmente a adjudicación dos bens ou a desestimación das ofertas.

Se durante este prazo de tres meses non se presenta ningunha proposta por escrito, desistirase definitivamente do procedemento de venda.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2021

A conselleira do Mar

Por delegación (Orde do 8-09-2017, DOG do 2 1-09-2017)

A secretaria xeral técnica



Silvia Cortiñas Fernández

## ANEXO I

### MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA POXA

Don/don.....con DNI.....con enderezo en  
.....teléfono.....e correo electrónico .....  
.....actuando en nome propio ou en representación da sociedade.....  
.....con NIF....., con domicilio en .....e correo electrónico....., mediante o presente escrito manifesta o seu interese en participar no procedemento de poxa pública en (indicar o que proceda):

Patrulleira "Serra Barbanza"

- Primeira convocatoria.
- Segunda convocatoria.
- Terceira convocatoria.

mediante a presentación de oferta en sobre pechado para a venda da embarcación patrulleira "Serra Barbanza", convocado por acordo da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar de data..... do ..... de.... e publicado no Diario Oficial de Galicia de data ..... do ..... de.....

Mediante este escrito COMPROMÉTESE, ademais, a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: \_\_\_\_\_.

Os avisos das notificacións electrónicas efectuadas a través do sistema Notifica.gal deberán ser enviados a este mesmo correo electrónico e/o ao seguinte número de móbil (opcional)\_\_\_\_\_

En ....., ... de ..... de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

## ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/dona.....con DNI.....con enderezo en  
.....teléfono.....e correo electrónico .....  
.....actuando en nome propio ou en representación da sociedade.....  
.....con NIF....., con domicilio en .....e correo  
electrónico.....,en relación co expediente

### I. DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1. Ter plena capacidade para obrigarse dacordo co establecido polo artigo 1.457 do Código Civil, e que non incurre nas prohibicións recollidas no artigo 1.459 do Código Civil e na cláusula sexta do prego que rixe a poxa.
2. Non haber solicitado ou estar declarado en concurso de acreedores, non haber sido declarado insolvente en calquera procedemento, non estar suxeito a intervención xudicial por inhabilitación, conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullio, concursal, e non incurrir en ningunha situación de incompatibilidade, según a normativa específica aplicable.
3. Someterse expresamente á xurisdicción española coa conseguinte renuncia a outro foro (solo para licitadores extranxieros).

### II. OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS. (Marcar cunha X no seu caso. Se non se marca entenderase que non hai oposición expresa).

- De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seno deste procedemento sexan consultados directamente pola administración contratante e, polo tanto, comprométome a presentar a documentación requirida.

### III. CORREO ELECTRÓNICO A EFECTO DE NOTIFICACIONES

ME COMPROMETO a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico:

\_\_\_\_\_.

Os avisos ds notificacións electrónicas efectuadas a través do sistema Notifica.gal deberán ser enviados a este mesmo correo electrónico e/o ao seguinte número de móbil (opcional)\_\_\_\_\_.

En....., ..... de ..... de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

**ANEXO III**

**MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA  
EN PRIMEIRA CONVOCATORIA**

DATOS IDENTIFICATIVOS:

Poxa do ben: **PATRULLERA "Serra Barbanza"**

Tipo de licitación: **DEZ MIL EUROS (10.000 €).**

**Órgano que anuncia a poxa: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR.**

Convocatoria publicada no DOG: número..... do .....de.....

DATOS IDENTIFICATIVOS DO ASINANTE DA PROPOSICIÓN E DO LICITADOR:

Apelidos e nome do asinante da proposición:

DNI ou equivalente do asinante da proposición:

Relación que une ao asinante co licitador: <sup>1</sup>

Razón social do licitador:

NIF do licitador:

Enderezo do licitador:

Teléfono:

Correo electrónico:

PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

O abaixo asinante, en nome propio ou en virtude da representación que ostenta, presenta oferta económica en primeira convocatoria desta poxa por importe de:  
.....euros<sup>2</sup>.

PATRULLEIRA "SERRA BARBANZA"	OFERTA ECONÓMICA EN PRIMEIRA CONVOCATORIA
	€ <sup>3</sup>

No prezo ofertado non están incluídos os impostos nin outros gastos que poidan derivarse da poxa, aceptando plenamente o prego de condicións coa presentación desta oferta.

En ..... de ..... de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

<sup>1</sup> "Apoderado, Xerente ou Administrador". Se o ofertante actúa en nome propio, deixará en branco este apartado.

2. importe en letra. Este importe será igual ou superior ao tipo de licitación establecido no prego para esta convocatoria

3. importe en cifras



### ANEXO III

#### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA EN SEGUNDA CONVOCATORIA

##### DATOS IDENTIFICATIVOS:

Subasta del bien: **PATRULLEIRA "SERRA BARBANZA"**

Tipo de licitación: **OITO MIL CINCOCENTOS EUROS (8.500,00 €).**

Órgano que anuncia a poxa: **SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR.**

Convocatoria publicada no DOG: número..... de .....de.....

##### DATOS IDENTIFICATIVOS DO ASINANTE DA PROPOSICIÓN E DO LICITADOR:

Apelidos e nome do asinante da proposición:

DNI ou equivalente do asinante da proposición:

Relación que une ao asinante co licitador: <sup>1</sup>

Razón social do licitador:

NIF do licitador:

Enderezo do licitador:

Teléfono:

Correo electrónico:

##### PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

O abaixo asinante, en nome propio ou en virtude da representación que ostenta, presenta oferta económica en segunda convocatoria desta poxa por importe de:

.....euros<sup>2</sup>.

PATRULLEIRA "SERRA BARBANZA"	OFERTA ECONÓMICA EN SEGUNDA CONVOCATORIA
	€ <sup>3</sup>

No prezo ofertado non están incluídos os impostos nin outros gastos que poidan derivarse da poxa, aceptando plenamente o prego de condicións coa presentación desta oferta.

En ..... de ..... de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

<sup>1</sup> "Apoderado, Xerente ou Administrador". Se o ofertante actúa en nome propio, deixará en branco este apartado.

2. importe en letra. Este importe será igual ou superior ao tipo de licitación establecido no prego para esta convocatoria

3. importe en cifras

### ANEXO III

#### MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA EN TERCEIRA CONVOCATORIA

##### DATOS IDENTIFICATIVOS:

Poxa do ben: **PATRULLEIRA "SERRA BARBANZA"**

Tipo de licitación: **SETE MIL EUROS (7.000 €).**

Órgano que anuncia a poxa: **SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DO MAR.**

Convocatoria publicada no DOG: número..... de .....de.....

##### DATOS IDENTIFICATIVOS DO ASINANTE DA PROPOSICIÓN E DO LICITADOR:

Apelidos e nome do asinante da proposición:

DNI ou equivalente do asinante da proposición:

Relación que une ao asinante co licitador: <sup>1</sup>

Razón social do licitador:

NIF/CIF do licitador:

Enderezo do licitador:

Teléfono:

Correo electrónico:

##### PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

O abaixo asinante, en nome propio ou en virtude da representación que ostenta, presenta oferta económica en terceira convocatoria desta poxa por importe de:

.....euros<sup>2</sup>.

PATRULLEIRA "SERRA BARBANZA"	OFERTA ECONÓMICA EN TERCEIRA CONVOCATORIA
	€ <sup>3</sup>

No prezo ofertado non están incluídos os impostos nin outros gastos que poidan derivarse da poxa, aceptando plenamente o prego de condicións coa presentación desta oferta.

En ..... de ..... de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

<sup>1</sup> "Apoderado, Xerente ou Administrador". Se o ofertante actúa en nome propio, deixará en branco este apartado.

2. importe en letra. Este importe será igual ou superior ao tipo de licitación establecido no prego para esta convocatoria

3. importe en cifras